

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O CONSORCIO AERONÁUTICO GALLEGO PARA A CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DO OBSERVATORIO DA INDUSTRIA AEROESPACIAL EN GALICIA

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Vicepresidente segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº181, do 6 de setembro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a configuración dos departamentos que integran a Xunta de Galicia; e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos.

Doutra parte, D. ENRIQUE MALLÓN OTERO, Presidente da Asociación Consorcio Aeronáutico Gallego (en adiante, CAG), actuando en nome e representación desa entidade, en virtude do establecido no artigo 18 dos seus Estatutos, designado para o cargo o 20 de setembro de 2015 e reelixido na Asemblea Xeral da asociación celebrada o 2 de decembro de 2019.

Interveñen, en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que GAIN é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. A Axencia está adscrita á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos de GAIN atribúenlle, entre outras funcións, as de ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

Así mesmo, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da posta en marcha de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, GAIN, de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, poderá cooperar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes del sector privado, a través dos correspondentes convenios de colaboración.

SEGUNDO

A vixente Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia) define o marco para as políticas de investigación e innovación supeditando as prioridades de investimento a tres retos. Cada un destes retos ten asociadas unha serie de prioridades e liñas de acción específicas, aliñadas cos obxectivos e principais programas de innovación nacionais e europeos.

En particular estímase esencial para a devandita Estratexia adoptar como prioridade a diversificación en sectores tractores galegos e sectores auxiliares a través do uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras, orientado á provisión de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, o coñecemento e a tecnoloxía (como, por exemplo, a industria Aeronáutica e Aeroespacial). Neste sentido, pódese afirmar que existe en Galicia a semente de reorientación e un amplo tecido competitivo e desenvolvido da industria de compoñentes de automoción e naval, que quere e pode evolucionar cara á aeroespacial, sobre todo, pivotando noutros sectores e actividades complementarias en materiais compostos e metal-mecánica para aliaxes lixeiras.

TERCEIRO

Que a *Civil UAVs Initiative* é a iniciativa estratéxica da Xunta de Galicia para o impulso do Polo Aeroespacial de Galicia a través de diversas actuacións que persiguen impulsar o crecemento económico e a cohesión de Galicia, a través do apoio a un novo sector de alta tecnoloxía.

O primeiro período de execución da Civil UAVs Initiative rematou no 2020 e conseguiu mobilizar un investimento de 164M€ e executar uns 59 proxectos de I+D e infraestruturas para vehículos aéreos non tripulados nos que traballaron uns 800 profesionais de toda España. Propiciou, tamén, a creación de cinco novas empresas en Galicia e, a través da aceleradora Business Factory Aero, xa se desenvolveron 19 proxectos empresariais. Xunto con isto, identificáronse 430 solucións tecnolóxicas, produtos ou procesos, dos que seis están preparados para o seu despegue inmediato nos servizos da Xunta de Galicia. Son servizos públicos como o control da calidade da

auga, a produción de cartografía para a xestión do territorio, os servizos de protección de incendios ou o control de pragas forestais.

Rematado ese primeiro período, iníciase unha nova etapa de actuacións entre 2021 e 2025, dando resposta a novos retos e creando novos instrumentos de colaboración público-privada para impulsar o tecido industrial e de coñecemento galego no sector aeroespacial.

Neste novo período de programación prevese consolidar o investimento público-privado, contemplando todas as actuacións capaces de consolidar Galicia como un polo aeroespacial de referencia mundial no desenvolvemento e ensaio de aeronaves non tripuladas.

CUARTO

Que o CAG é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar para o cumprimento dos fins establecidos nos seus Estatutos. O CAG ten como obxectivos prioritarios a promoción e o desenvolvemento da industria aeronáutica e aeroespacial galega para alcanzar un maior nivel de competitividade.

QUINTO

Que o CAG, para a consecución dos seus obxectivos realizará, no marco do presente convenio, entre outras as seguintes actividades:

- Servir como observatorio dos avances do coñecemento nas tecnoloxías e xestión empresarial no ámbito aeronáutico e aeroespacial e, do coñecemento en xestión empresarial, así como documentar tales coñecementos en libros brancos, catálogos promocionais ou de capacidades dos seus membros.
- Promover a cooperación e a capacidade emprendedora co fin de potenciar, estimular e impulsar o tecido empresarial galego e a transferencia de coñecemento.

- Promover a boa imaxe, a visibilidade e a importancia da industria aeronáutica e aeroespacial galega tanto no ámbito autonómico como nacional e internacional mellorando o atractivo do territorio galego para o desenvolvemento futuro das actividades produtivas da industria aeronáutica e aeroespacial.
- Ser punto e lugar de encontro e debate de todos os axentes implicados na industria aeronáutica e aeroespacial, autonómica e estatal.
- Identificar, aflorar e agrupar intereses que dean resposta aos retos estratéxicos competitivos da industria aeronáutica e aeroespacial no seu conxunto.
- Propiciar, facilitar e intensificar a comunicación entre os membros da Asociación así como entre diferentes segmentos de actividade que constitúen o sector aeronáutico e aeroespacial galego.

SEXTO

Que o CAG e GAIN están interesados en que Galicia conte cun observatorio da industria aeroespacial galega que dote ás entidades relacionadas co sector (empresas, Administracións Públicas, universidades e centros de coñecemento) dunhas ferramentas que acheguen os datos e as informacións necesarias para adoptar as decisións oportunas.

SÉTIMO

Que as partes consideran que as actuacións que se executarán no marco deste convenio contribuirán ao desenvolvemento da industria aeronáutica galega en xeral e ao impulso do sector de sistemas aéreos non tripulados, en particular, permitindo ampliar as capacidades do Polo Aeroespacial de Galicia. Polo exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións da colaboración entre GAIN e o CAG para desenvolver as actividades que se detallan no **Anexo I (Plan de**

traballo) para a creación, posta en marcha e xestión dun observatorio da industria aeroespacial en Galicia.

SEGUNDA.- Descrición dos obxectivos

A axuda que se regula mediante este convenio vai dirixida á creación, posta en marcha e xestión dun observatorio para a xeración, atracción, compilación e divulgación de coñecemento experto e estudos científicos en materia aeroespacial. O observatorio persegue ser un centro de referencia a nivel nacional e internacional na realización e difusión de estudos científicos económicos, estatísticos e de prospectiva do sector aeroespacial.

As actuacións a realizar no marco deste convenio deben estar encadradas nos conceptos e cumprir as condicións que se detallan no Anexo I (Plan de traballo). Esas actuacións deben ir dirixidas a cumprir, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Fomentar a elaboración de estudos científicos por actores expertos e cun alto grao de excelencia no sector aeroespacial, entre os que se atopan as empresas, as universidades e os centros tecnolóxicos, co obxectivo de impulsar e consolidar este sector en Galicia.
- Crear un espazo común que centralice e potencie a xeración e o acceso a coñecemento experto do sector aeroespacial en Galicia.
- Estudar e definir as tendencias nacional e internacional en materia aeroespacial para o seu aproveitamento polos citados actores.
- Realizar eventos e actos de difusión dos resultados dos estudos realizados.
- Compilar, publicar e divulgar estudos e documentación científica de alto nivel e de interese para o sector aeroespacial.
- Atraer talento científico para a realización de estudos que xere un impacto no sector aeroespacial de Galicia.

TERCEIRA.- Obrigas do beneficiario

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a:

- Realizar as actuacións recollidas no Anexo I (*Plan de traballo*) e efectuar os correspondentes gastos e pagos segundo o previsto no Anexo II (*Orzamento previsto*).
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por GAIN.
- Informar a GAIN, cunha periodicidade cuadrimestral, da situación e evolución das actividades obxecto do presente convenio remitindo unha memoria explicativa das actuacións desenvolvidas nese período. Esta memoria deberá acompañarse de todos os documentos (protocolos, plans, informes, catálogos, etc.) que sexan resultado das actividades realizadas. Para analizar o contido destas memorias, GAIN poderá contar co apoio de expertos externos.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos de GAIN co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Comunicar a GAIN a obtención de subvencións e/ou axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento destas, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Xustificar, nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na *Ley 9/2017, de 8 de novembro, por la que transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Conselo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014*, para o contrato menor; a solicitude como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con

carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na redacción dada ao mesmo pola disposición final segunda da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013

- Dar consentimento expreso a GAIN para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao amparo do presente convenio.
- Dar consentimento expreso á GAIN para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais as normas que a desenvolven.
- Dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Prestar consentimento expreso á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da *Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones*, modificado polo artigo 30.3 da *Ley 15/2004, do 16 de noviembre, de racionalización del sector público y otras medidas de reforma administrativa*.

- Cumprir coas obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativas á obriga de subministración de información por ser beneficiario de subvención.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos máis os xuros de demora percibidos dende o momento da concesión ata o de reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- No suposto de subcontratación, o beneficiario deberá achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas cumpren co establecido no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no seu Regulamento.
- No suposto de adquisición, construción e rehabilitación e mellora de bens inventariables, cumprir co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007:
 - No caso de bens inscribibles nun rexistro público, o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de 5 anos. Ademais deberá facer constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida.
 - En canto aos demais bens aos que se refire este apartado, deberán destinarse ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante o período mínimo de 2 anos.
- Destinar a axuda prevista neste convenio á realización de actividades de carácter non económico, e manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable idóneo que facilite unha pista de auditoría axeitada en relación con todos os gastos realizados ao abeiro do convenio.

Outras obrigas: Comunicación e difusión

1. O beneficiario deberá colaborar activamente con GAIN en cantas actividades sexan necesarias para a correcta comunicación das actuacións do convenio. Así mesmo, deberá informar previamente, a través do correo electrónico

- gain@xunta.gal, dos actos e comunicacións públicas que se desenvolvan en relación con este convenio, coa antelación suficiente para poder valorar a presenza institucional neles.
2. O beneficiario deberá facer constar expresamente a colaboración prestada por GAIN en todas as actividades informativas ou de promoción en relación coas actuacións consideradas neste convenio e incorporar en todo o material e documentación de execución, información e publicidade das actividades do convenio o logotipo identificativo da Xunta de Galicia e de GAIN segundo as especificacións establecidas no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).
 3. En todas as notas de prensa, presentacións dixitais e demais soportes de difusión de actividades relacionadas coas actuacións deste convenio, debe utilizarse expresamente e de xeito destacado a seguinte expresión: «O observatorio da industria aeroespacial é unha iniciativa que se desenvolve no marco da Civil UAVs Initiative, promovida pola Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación».

CUARTA.- Orzamento e financiamento

- O gasto total das actuacións a desenvolver polo beneficiario no marco deste convenio, de acordo co orzamento previsto no *Anexo II*, ascende a 589.000,00 € para o período 2021-2023.
- Para o desenvolvemento desas actuacións, GAIN concede ao CAG unha subvención por un importe máximo de 589.000,00 € para as anualidades 2021-2023 con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.781.0 dos presupostos da Axencia Galega de Innovación para os anos 2021, 2022 e 2023. A distribución da axuda por anualidades é a seguinte:

Aplicación orzamentaria: 06.A2.561A.781.0		Código Proxecto 2015.00020		
ORZAMENTO	2021	2022	2023	TOTAL
	77.000,00 €	249.000,00 €	263.000,00 €	589.000,00 €

- Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

QUINTA.- Réxime de pagamentos

Co fin de garantir a execución das actividades do convenio, poderán realizarse os seguintes pagamentos:

	2021	2022	2023
Axuda GAIN	77.000,00 €	249.000,00 €	263.000,00 €
Período realización gastos e pagos	<u>Desde:</u> data de sinatura do presente convenio <u>Ata:</u> 30/11/2021	<u>Desde:</u> 1/12/2021 <u>Ata:</u> 30/11/2022	<u>Desde:</u> 1/12/2022 <u>Ata:</u> 30/11/2023
Data límite presentación documentación xustificativa	05/12/2021	05/12/2022	05/12/2023

De non xustificar o orzamento total indicado na táboa, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Para a xustificación do pago, o CAG, achegará a documentación que se relaciona na cláusula Oitava e irá acompañada dun informe/memoria dos resultados obtidos e das actividades desenvolvidas.

O pagamento realizarase unha vez comprobada a axeitada xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

Anticipos:

Poderanse realizar pagamentos anticipados ata un máximo dun **56,54%** do importe da subvención concedida, conforme ao artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo coa seguinte distribución:

- Anualidade 2021: realizarase un pagamento anticipado, como máximo, polo total do importe previsto nesta anualidade. En todo caso deberá solicitarse de forma motivada antes do 1 de novembro de 2021.
- Anualidade 2022 e 2023: poderá realizarse un pagamento anticipado por un importe máximo que non supere o **50%** da subvención concedida para cada anualidade. O dito anticipo solicitarase de forma motivada antes do 1 de novembro de cada unha das anualidades (2022, 2023). En todo caso, o libramento dun anticipo requirirá da previa xustificación da axuda concedida na anualidade anterior e, no caso de que non se xustifique a totalidade do importe concedido, ou se a dita xustificación non se considerase suficiente, deberá procederse ao correspondente reintegro.

A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007 e realizarase mediante Resolución motivada previa solicitude debidamente xustificada polo CAG.

Pagamentos a conta:

O beneficiario poderá presentar xustificacións en función do ritmo de execución da acción subvencionada que darán lugar a pagamentos á conta que, sumados aos importes anticipados, non poderán superar o **80%** da subvención nin o importe de cada anualidade.

Pagamento final:

O importe restante da axuda aboarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio.

SEXTA.- Réxime de garantías .

A realización dos anticipos e pagamentos á conta está exenta da constitución de garantía polo Consello da Xunta de Galicia conforme ao disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009.

SÉTIMA.- Gastos e conceptos subvencionables

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas presentada no prazo e coas condicións indicadas na presente cláusula, e logo da emisión dos correspondentes informes técnicos favorables por parte de GAIN, a cal poderá recorrer se o considera necesario, ao apoio de expertos externos.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre a data de sinatura deste convenio e as datas límite de xustificación establecidas no presente convenio.

En ningún caso o custo subvencionable poderá ser superior ao valor de mercado.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que estean encadrados nos conceptos e cumpran as condicións que se detallan no Anexo I (*Plan de traballo*).

Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se relacionan a continuación:

- a) **Custos de persoal** na parte que corresponda ao tempo dedicado ao desenvolvemento das actividades do convenio. Dentro dos custos de persoal poderá incluírse persoal de nova contratación para a realización das actividades previstas no convenio.
- b) **Equipamento e material** de nova adquisición. As licenzas e renovacións de licenzas de software atópanse dentro da categoría de material inventariable e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para o proxecto e non de uso xeral.

- c) **Subcontratacións**, realizadas polo CAG con organismos de investigación, entidades ou empresas, precisas para o desenvolvemento das actividades cando as actuacións contratadas a terceiros supoñan a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto do mesmo.
- d) **Servizos externos** necesarios para a realización das actuacións previstas e que estean destinados de maneira exclusiva ás actividades do convenio. Consideraranse servizos externos aquelas actividades prestadas por terceiros de forma puntual.
- e) **Gastos xerais** considerados como tales aqueles gastos que pola súa natureza non se poden imputar de forma directa por non poder individualizarse. Estes gastos deberán ser imputados na parte que razoablemente corresponda, ata un máximo do **20% do custo da partida de persoal**, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realicen as actividades. Os gastos de material de oficina e consumibles informáticos se financiarán neste concepto por ter a consideración de gastos xerais.

Tendo en conta a imposibilidade de calcular o importe exacto de todas as actuacións previstas no marco deste convenio e que, polo tanto, a distribución detallada do orzamento recollida no Anexo II ten un carácter estimativo, GAIN o beneficiario, con previa comunicación a Gain, poderá realizar modificacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no orzamento previsto (Anexo II) sempre que se trate de minoracións iguais ou inferiores ao **20%** dos importes previstos para cada concepto de gasto. Estas minoracións, que non precisarán informe previo favorable da Comisión de Seguimento, incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto. Estas modificacións non poderán supoñer un incremento da subvención establecida nin modificar os importes da subvención prevista para cada anualidade nin as condicións de xustificación recollidos no presente convenio.

Á petición do beneficiario e previo informe favorable da Comisión de seguimento, GAIN poderá autorizar modificacións na distribución do gasto entre conceptos de

gasto que supoñan minoracións nalgún deles superiores ao **20%** das previsións. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

Para desenvolver as actuacións recollidas neste convenio, o beneficiario poderá recorrer á **subcontratación**, de acordo coa definición establecida no artigo 27.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: «cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúa o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada».

A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da citada Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando para o efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o devandito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.
- Que a súa subscripción a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.

Nas subcontratacións nas que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de Contratos do Sector Público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que

o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 29 da citada Lei 9/2007, na redacción dada ao mesmo pola disposición final segunda da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Para os efectos do establecido no citado artigo 27 da Lei 9/2007, o custo total das subcontratacións non poderá superar o **80%** do custo total das actividades subvencionadas, respectando ao efecto as prohibicións establecidas no punto 7 do citado artigo.

Sen prexuízo do anteriormente indicado e previa autorización de GAIN, o beneficiario poderá subcontratar con persoas ou entidades vinculadas, sempre e cando a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado. O límite máximo para estas subcontratacións será do **50%** do importe total da axuda.

Respecto da previsión de subcontratación, o beneficiario da subvención deberá ter en conta a posible consideración como «poder adxudicador», segundo o establecido no artigo 3.3 d) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. No suposto de que concorran as circunstanciadas que leven ao beneficiario a ter a consideración como «poder adxudicador», este quedará sometido, no proceso de tramitación e adxudicación da contratación, ás prescricións contidas na lexislación sobre contratación administrativa do sector público.

OITAVA.- Forma de xustificación

Para a xustificación da subvención, o beneficiario achegará a documentación que se indica nesta cláusula. A documentación presentarse electronicamente. O beneficiario responsabilizarase da veracidade dos documentos que presentan. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Nos

casos de imposibilidade funcional e /ou tecnolóxica que impidan a presentación electrónica da documentación, esta poderá presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, GAIN a requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A xustificación dos gastos realizados na execución das actividades do convenio realizarase mediante a achega dunha conta xustificativa, conforme ao disposto no artigo 48 do Decreto 11/2009, consistente en:

- **Memoria técnica** xustificativa de cumprimento das condicións establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Deberán incorporarse todos os documentos (estudos, protocolos, plans, informes, catálogos, etc.) que sexan resultado das actividades realizadas. Esta memoria técnica deberá obter o informe favorable de GAIN, que poderá recorrer ao apoio de expertos externos.
- **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - 1) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. De ser o caso, deberá achegarse unha copia da resolución da concesión desas outras axudas.
 - 2) Certificacións que acrediten que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A presentación das citadas certificacións pode substituírse por unha autorización para que GAIN realice as consultas de comprobación ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.

- 3) Un resumo da execución do proxecto en que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (diferenciando a base imponible e o IVE) e a data de emisión e de pagamento de cada un dos xustificantes presentados, agrupados por concepto de gastos e con numeración correlativa. Este documento entregárase tamén en formato dixital e editable para facilitar a revisión e comprobación dos datos.
- 4) Documentación xustificativa do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas deben conter suficiente información de detalle, que permita relacionala co gasto xustificado. Naqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, será necesario aclarar o gasto realizado por outros medios. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf dos documentos orixinais.
- 5) Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente; o número e o importe total da factura satisfeito. De non estar acreditado o pago íntegro mediante estes documentos nos prazos previstos na cláusula correspondente do presente convenio o gasto non será subvencionable.

No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao proxecto a que corresponden.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario presentar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da entidade coa relación detallada das facturas ou alternativamente un certificado de ter recibido o pagamento das facturas incluídas na conta xustificativa, emitido por parte do subministrador.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibo do provedor nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

Non serán subvencionables partes de gastos que non estean íntegra e correctamente xustificadas de acordo co establecido nos parágrafos anteriores.

- 6) Respecto da documentación xustificativa do investimento e do seu pagamento, cando non sexa posible a presentación de copia auténtica electrónica poderá presentar unha copia en formato *pdf* dos documentos indicados realizada polo beneficiario acompañada dunha declaración responsable da autenticidade deses documentos achegados así como o compromiso de presentar os orixinais cando GAIN llos requira.

Esta documentación xustificativa deberán incluír ao inicio do nome do arquivo electrónico o número identificador que se reflicta na relación de gastos indicados no resumo de execución.

- 7) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.
- 8) Para a xustificación do custo de persoal destinado ao proxecto, deberá achegarse:

- a) Certificación emitida polo responsable de persoal, co visto e prace do xerente ou director da entidade, que consistirá nunha relación detallada por traballador do persoal dedicado ao proxecto, que deberá incluír os seguintes datos: DNI/NIE, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e Seguridade Social), grupo de cotización polo que está contratado, titulación e porcentaxe de dedicación ao proxecto.
- b) Informe de vida laboral referida á data de finalización do prazo de xustificación, e que comprenda toda a anualidade. Para o persoal de nova contratación deberá achegarse a copia do contrato no que poida verificarse a exclusividade ao proxecto xunto coa acreditación da súa titulación académica.
- c) Copia das nóminas do persoal dedicado ás actividades do proxecto e copia dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos.
- d) Declaración asinada polo responsable de persoal da entidade cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do proxecto, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios.
- e) Boletíns de cotización á Seguridade Social e copia dos seus xustificantes de pagamento.

En todo caso, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun

momento posterior por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais.

- f) Declaración responsable da non participación do persoal dedicado ao proxecto, financiado con cargo a este convenio, noutras actividades/proxectos financiados con axudas procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado ou, en caso contrario, declaración responsable de non superar, conxuntamente coa dedicación ao proxecto, a porcentaxe do 100%.
- 9) Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións e materiais, iguale ou supere os 15.000€ no global do proxecto cun mesmo provedor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.
- 10) No caso de subcontratacións, ademais da documentación sinalado no punto 9), deberá achegarse:
 - a) Copia do contrato formalizado entre a entidade beneficiaria e a entidade subcontratista que prestou o servizo.
 - b) Factura emitida pola entidade subcontratada ao beneficiario na que se especifique claramente o título do convenio. No caso de que sexan varias as facturas, todas elas deberán especificar o título do convenio.
 - c) Xustificantes de pagamento da factura da subcontratación.
 - d) Memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no proxecto, na que se debe incluír unha relación das persoas que participaron nas mesmas, unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas e a porcentaxe de dedicación ás actividades do convenio.

- 11) No caso de bens inscribibles nun rexistro público, escritura de inscrición onde conste o importe da axuda recibida e o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a axuda.
- 12) Documentación xustificativa (documentación gráfica, fotografías ou calquera outro soporte probatorio) do cumprimento das obrigas de comunicación e difusión previstas na cláusula Terceira.

GAIN resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

NOVENA.- Compromisos do beneficiario previos á sinatura do convenio

Presentar a seguinte documentación:

- Certificacións que acrediten que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A presentación das citadas certificacións pode substituírse por unha autorización para que GAIN realice as consultas de comprobación ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións consideradas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións

Toda alteración nas accións a realizar deberá ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, conforme ao

artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo as previsións do do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Compatibilidade con outras axudas

A axuda concedida será incompatible con outras subvencións concedidas para as mesmas actividades que se desenvolvan no marco deste convenio e que estean financiadas cunha intensidade do 100%. As partidas financiadas cunha intensidade menor ao 100% serán compatibles con outras subvencións concedidas para cofinanciar a porcentaxe que debe asumir a entidade ata chegar ao 100% do custo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime aplicable e reintegro

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei.

O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable previsto no convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no convenio, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio establecidos dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que determine GAIN.

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e evolución.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN e dous representantes do beneficiario, designados para tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio. Para garantir un correcto seguimento, a Comisión celebrará unha reunión cuatrimestral na que se analizará o desenvolvemento das actividades recollidas no Anexo I (*Plan de traballo*).
2. Informar as modificacións na distribución do gasto entre conceptos de gasto que supoñan modificacións nalgún deles superiores ao 20% das previsións. Estas modificacións terán que ser solicitadas polos beneficiarios.
3. Propoñer solucións aos conflitos que puidesen xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas.
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

Ademais das reunións cuatrimestrais sinaladas, a Comisión poderá reunirse as veces que sexan precisas por solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerese en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección

3ª do capítulo primeiro do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio, procedendo ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo establecido sen que se desenvolva este.
- O mutuo acordo das partes.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A entidade beneficiaria comprométese en materia de publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno a:

- Dar consentimento expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web de GAIN e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao

requirimento de información en prazo, procederáse conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- Dar consentimento expreso á GAIN para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 5 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de información sobre convenios, e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades deste e GAIN, de maneira que non se lles poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia

O presente convenio de colaboración está en vigor dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2023.

DÉCIMO OITAVA.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicaráselle o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e pola restante normativa que no seu caso resulte de aplicación.

As axudas obxecto do presente convenio están dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico por parte dunha asociación de entidades que está a disposición de todo o sector empresarial dun xeito indiscriminado sen que iso supoña beneficio económico para o CAG e cumpren cos requisitos establecidos pola Comisión Europea no Marco Comunitario sobre Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (DOUE C 198, de 27 de xuño de 2014).

Non obstante, se das actuacións incluídas neste convenio se derivasen actividades de carácter económico, o CAG como organismo beneficiario das axudas, deberá reintegrar a subvención recibida na medida da actividade xerada.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento.

Santiago de Compostela, 08 de setembro de 2021

Pola Axencia Galega de Innovación

Polo Consorcio Aeronáutico Gallego

Francisco José Conde López

Enrique Mallón Otero

ANEXO I

PLAN DE TRABAJO

O Observatorio de diagnóstico, análise e prospectiva do sector aeroespacial en Galicia constitúese como un instrumento aberto á comunidade de empresas, universidades e centros tecnolóxicos en materia aeroespacial de Galicia para a xeración, atracción, compilación e divulgación de coñecemento experto e estudos científicos.

Os estudos realizados baixo o paraugas do Observatorio permiten dispoñer dunha fonte de información estratéxica en beneficio do ecosistema aeroespacial galego (empresas, universidades, centros tecnolóxicos, etc.) e, á súa vez, contribuír a crear unha base de coñecemento cruce para o deseño e avaliación das políticas económicas e de innovación orientadas a desenvolver o sector en Galicia.

Neste sentido, o Observatorio persegue ser un centro de referencia a nivel nacional e internacional na realización e difusión de estudos científicos económicos, estatísticos e de prospectiva do sector aeroespacial.

En particular, son fins do Observatorio:

- a. Fomentar a elaboración de estudos científicos por actores expertos e cun alto grao de excelencia no sector aeroespacial, entre os que se atopan as empresas, as universidades e os centros tecnolóxicos, co obxectivo de impulsar e consolidar este sector en Galicia.
- b. Crear un espazo común que centralice e potencie a xeración e o acceso a coñecemento experto do sector aeroespacial en Galicia.
- c. Estudar e definir as tendencias nacional e internacional en materia aeroespacial para o seu aproveitamento polos citados actores.
- d. Realizar eventos e actos de difusión dos resultados dos estudos realizados.

- e. Compilar, publicar e divulgar estudos e documentación científica de alto nivel e de interese para o sector aeroespacial.
- f. Atraer talento científico para a realización de estudos que xere un impacto no sector aeroespacial de Galicia.

Son actuacións deste Convenio:

1. A creación das contas sectoriais do sector aeroespacial de Galicia para o seguimento e análise de series económicas e de I+D+i do sector.
2. Realización de informes e estudos estatísticos e econométricos de impacto do sector aeroespacial.
3. Realización de informes e estudos de prospectiva e tendencias do sector aeroespacial en Galicia e a nivel nacional e internacional.
4. Realización de informes e estudos sobre a creación e crecemento de empresas en Galicia relacionadas co sector aeroespacial.
5. Promoción, difusión e divulgación das actividades e estudos do Observatorio.

O Observatorio rexerá a súa actividade a través dos Plans de Estudos, que terán carácter anual. En cada Plan de Estudos detallarase o título, resumo executivo e interese dos estudos que se realizarán durante o exercicio correspondente, o seu calendario de elaboración e publicación e un resumo das actividades e eventos de promoción, divulgación e difusión que levarán a cabo.

A actividade principal do primeiro Plan de Estudos será a creación das bases de datos e das contas sectoriais do sector aeroespacial de Galicia (series económicas e de I+D+i do sector), que servirán como fundamento para a realización das actividades e estudos posteriores.

A continuación detállanse as actividades propias do Observatorio previstas neste Convenio:

A) Creación das contas sectoriais do sector aeroespacial de Galicia para o seguimento e análise de series económicas e de I+D+i do sector.

B) Realización de informes e estudos estatísticos e econométricos de impacto do sector aeroespacial.

Para a realización destes traballos teranse en conta as seguintes cuestións:

- Analizar a situación do sector e determinar o seu impacto económico, o grao de internacionalización dos axentes e proxectos que o integran, a situación da I+D+i e as características das empresas galegas do sector.
- Determinar os indicadores relevantes para a medición do progreso e a actividade dos axentes do sector aeroespacial galego.
- Comparar as estatísticas da situación do sector aeroespacial en Galicia con outras rexións ou nacións.

C) Realización de informes e estudos de prospectiva e tendencias do sector aeroespacial en Galicia e a nivel nacional e internacional.

Os informes e estudos desta actividade comprenderán as seguintes tarefas:

- Análise das tendencias nacionais do sector aeroespacial, incorporando á actividade dos axentes galegos, as novidades e innovacións desenvolvidas noutras rexións de España e, no seu caso, fomentando a realización de estudos colaborativos e a transferencia de coñecemento entre os Axentes de Xeración e Difusión de Coñecemento galegos e os do resto de España.
- Análise dos avances no sector aeroespacial que se desenvolveron ou estean en proceso de implantación a nivel internacional, tanto desde o

punto de vista técnico como normativo, con especial incidencia das novidades provenientes da Unión Europea e outras potencias internacionais na materia.

- Realización de estudos de prospectiva tendentes á procura e identificación de solucións innovadoras en desenvolvemento nos ámbitos nacional e internacional co fin de analizar o seu impacto económico e tecnolóxico e, no seu caso, preparar o seu incorporación e implementación na actividade dos axentes do sector aeroespacial galego no medio-longo prazo.

D) Realización de informes e estudos sobre a creación e crecemento de empresas en Galicia relacionadas co sector aeroespacial.

Estes traballos comprenderán as seguintes cuestións:

- Realización de estudos sobre a creación de empresas aeroespaciais en Galicia e o seu crecemento, expansión, consolidación e internacionalización.
- Análise das condicións e propostas de xeración de emprego no sector aeroespacial galego.

E) Promoción, difusión e divulgación das actividades do Observatorio.

As tarefas que se prevén realizar nesta actividade son as seguintes:

- 1) Organización e participación en eventos, xornadas e congresos co obxectivo de presentar, difundir e promocionar os resultados obtidos nos estudos.
- 2) Creación de plataformas e redes de comunicación dos distintos axentes involucrados no sector aeroespacial galego.
- 3) Realización de entrevistas con expertos do sector aeroespacial

- 4) Apoio á promoción e fomento da investigación no sector aeroespacial a través de iniciativas nas sedes das universidades e centros tecnolóxicos.
- 5) Consolidación da información relativa ao sector aeroespacial galego nos medios de comunicación rexionais, nacionais e internacionais mediante a concesión de entrevistas e reportaxes sobre a actividade do Observatorio e do CAG.

F) Coordinación e asistencia técnica do proxecto.

Cronograma de actividades e entregables

WORK PACKAGE	ACTIVIDADES	ENTREGABLES	2021			2022												2023										
			10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
T1 Creación das contas sectoriais do sector aeroespacial de Galicia	estado del arte	informe																										
	contas sectoriais semestrais	informe																										
	contas semestrais anuais	informe																										
T2 Realización de informes e estudos estadísticos e econométricos	Estudio estadístico 1	estudio																										
	Estudio estadístico 2	estudio																										
T3 Realización de informes e estudos prospectiva e tendencias do sector	Estudio 1	estudio																										
	Estudio 2	estudio																										
	Estudio 3	estudio																										
	Estudio 4	estudio																										
T4 Realización de informes sobre creación e crecemento de empresas	Estudio 5	estudio																										
	Estudio 6	estudio																										
	Estudio 7	estudio																										
	Estudio 8	estudio																										
T5 Promoción, difusión y divulgación	Difusión firma convenio	evento/seminario/jornada técnica/workshop/congreso																										
	Difusión Estudio 1 y 5	evento/seminario/jornada técnica/workshop/congreso																										
	Difusión Estudio 2 y 6	evento/seminario/jornada técnica/workshop/congreso																										
	Difusión Estudio 3 y 7	evento/seminario/jornada técnica/workshop/congreso																										
	Difusión Estudio 4 y 8	evento/seminario/jornada técnica/workshop/congreso																										
T6 Coordinación y asistencia técnica del proyecto																												

ANEXO II
ORZAMENTO PREVISTO

ORZAMENTO PREVISTO POR ANUALIDADES			
2021	2022	2023	TOTAL
77.000,00 €	249.000,00 €	263.000,00 €	589.000,00 €

ORZAMENTO PREVISTO POR CONCEPTO DE GASTO	
CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE PREVISTO
Custos de persoal	67.500,00 €
Equipamento e material instrumental	5.000,00 €
Subcontratacións	383.000,00 €
Servizos tecnolóxicos externos	120.000,00 €
Gastos xerais	13.500,00 €
TOTAL	589.000,00 €

ACTIVIDADE	ORZAMENTO PREVISTO
Creación das contas sectoriais do sector aeroespacial de Galicia para o seguimento e análise de series económicas e de I+D+i do sector	75.800,00 €
Realización de informes e estudos estatísticos e econométricos de impacto do sector aeroespacial	86.000,00 €
Realización de informes e estudos de prospectiva e tendencias do sector aeroespacial en Galicia e a nivel nacional e internacional	116.800,00 €
Realización de informes e estudos sobre a creación e crecemento de empresas en Galicia relacionadas co sector aeroespacial	106.800,00 €
Promoción, difusión e divulgación das actividades do Observatorio.	108.800,00 €
Coordinación e asistencia técnica do proxecto	94.800,00 €
TOTAL	589.000,00 €